

"A auga que bebes: orixe, xestión e ameazas"



Impartido por:

- Ricardo Vázquez (Director de I+D de Emalcsa)
- Moisés Canle (Catedrático de Universidade. Química Física, UDC)
- Sergio R. Roiloa (Profesor Titular de Universidade. Ecoloxía, UDC)
- Jordi Delgado (Catedrático de Universidade. Enxeñaría Civil, UDC)

Descrición:

O seminario enmárcase nas actividades de divulgación da Cátedra Emalcsa-UDC. A auga é un recurso vital para todas as sociedades, é garantía de saúde e clave para o desenvolvemento socioeconómico. A Cátedra propón un marco de desenvolvemento urbano sensible á auga (DUSA), que pretende integrar unha xestión sostible da auga no noso contexto socio xeográfico. O programa expón un percorrido pola historia e as principais características dos sistemas de captación, tratamento e distribución de auga da contorna metropolitana da Coruña, que abastece a máis do 15% da poboación galega, uns 400.000 habitantes. Farase fincapé en visualizar a auga como un servizo ecosistémico, explicando a conexión existente entre contorna natural e a auga que consumimos. Abordaranse tamén as principais ameazas derivadas da actividade humana que poden afectar a este recurso, e da importancia do seu monitoreo para unha mellor xestión de riscos.

Obxectivos:

- Neste seminario realízanse unha serie de actividades que permitirán entende-la importancia dunha xestión responsable da auga como recurso, incidindo na necesidade de manter un equilibrio entre o medio natural e o seu uso en contornos urbanos.

Metodoloxía:

O seminario incluírá sesións expositivas divididas en tres bloques temáticos de dúas horas de duración cada un. As sesións expositivas utilizarán o apoio de medios audiovisuais, darase prioridade á inclusión de casos prácticos, e fomentárase o debate entre os asistentes. Ademais, realizarase unha saída de campo, de dúas horas de duración, que consistirá nunha visita á planta potabilizadora ETAP A Telva, e un percorrido polo bosque de ribeira do río Mero, nas inmediacións do punto de captación de auga do sistema de auga urbana da área metropolitana da Coruña.

Contidos:

- Sesión 1 (2 horas): Sistema urbano de auga na Coruña: unha viaxe pola súa historia e as súas infraestruturas
- Sesión 2 (2 horas): Auga desde orixe: conectando o medio natural coa auga que bebemos
- Sesión 3 (2 horas): Contaminantes emerxentes en augas de consumo: coñecer para minimizar riscos
- Sesión 4 (2 horas): Saída de campo: ETAP da Telva e bosque de ribeira do río Mero.

Calendario e horario

Catro sesións de dúas horas (**de 11 a 13 horas**), os **días 24 de abril, 8, 15 e 22 de maio de 2026**, nas instalacións da **Universidade Sénior** en Normal (Paseo de Ronda, 47) da Coruña .

Inscrición e matrícula

As prazas son limitadas e serán asignadas por rigorosa orde de inscrición. A inscrición só poderá realizarse mediante formulario electrónico, **do 27 de marzo ao 16 de abril de 2026**, a través da páxina web: www.udc.gal/senior. Máis información: **Secretaría da Universidade Sénior** (Tlf. 881014507 – secretaria.senior.coruna@udc.es)

En colaboración con:

